

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

Por Resolución de 16 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, adóptanse entre outros os seguintes acordos, relacionados coas medidas do Servizo Público de Emprego de Galicia:

1.- NON SERÁ PRECISO RENOVAR A DEMANDA DE EMPREGO ATA O 30 DE XUÑO DE 2020.

2.- Ampliación dos servizos para a reactivación da demanda a través da Oficina Virtual de Emprego Galicia.

Estes dous servizos, xunto coas restantes medidas acordadas pola Xunta de Galicia a favor das persoas demandantes de emprego e os datos de contacto da rede de oficinas de emprego, atópanse dispoñibles no Portal de emprego de Galicia. <https://emprego.xunta.gal>.

O Concello de Vedra mantén á súa disposición os medios humanos e técnicos, para realizar estas xestións se vostede o considera oportuno, polo que aquelas persoas que pasen á situación de desemprego (non incluídos nun ERTE), **poderán chamar aos teléfonos 981814692 ou 669450801**, para a tramitación da pre-solicitud.

Se vostede está en situación de desemprego NON MOTIVADA POR UN ERTE, recórdaselle que **durante o estado de alarma os prazos de presentación de solicitude están suspendidos**, polo tanto non é requisito que se presente a solicitude nos 15 días hábiles seguintes á baixa na Seguridade Social.

3.- MÁIS INFORMACIÓN:

Para calquera dúbida ou xestión poderán contactar telefonicamente no número 669.450.801 ou a través do correo electrónico empregoformacion@concellodevedra.com, en horario de oficina de 9.00 a 14.00 horas.